




CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que o Alcalde con data dezaseis de novembro de dous mil doce, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 359 / 2012

Data decreto: 16/11/2012

Descrición decreto: Nomeamento dunha auxiliar de axuda a domicilio a media xornada cooperación 2012.

DON JOSE IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o escrito presentado pola traballadora Inmaculada Concepción Quintela Carril con DNI 76519786M con rexistro de entrada núm. 1884 de data 16/11/2012 no cal comunica a renuncia voluntaria ao contrato de traballo que tiña co Concello de Boimorto en relación ao posto de auxiliar de axuda a domicilio programas cooperación.

Vistos os movementos da bolsa de traballo de persoal laboral temporal praza de auxiliar de axuda a domicilio programas cooperación creada por decreto núm. 256 de data 28/08/2012 e os escritos presentados polas candidatas que forman parte da bolsa:

- Dna. M^a Teresa Rico Souto con DNI 5383806A con entrada n^o 1883 en data 16/11/2012 no que acredita que se atopa traballando.

- Dna. M^a Teresa Sanchez Rodriguez con DNI 5383806A con entrada n^o 1882 en data 16/11/2012 no que renuncia ao posto de traballo.

En consecuencia, ao quedar sen candidatos na bolsa de emprego e debido a razóns de urxencia para a cobertura do servizo e xustificación da subvención concedida para o servizo pola Consellería de Traballo e Benestar,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como auxiliar de axuda a domicilio a media xornada á candidata con maior puntuación fora da bolsa de emprego e que corresponde a Celsa Quintela Sanchez DNI 76514972K.

Condicionarase a formalización do contrato en aplicación da base sexta á presentación pola interesada de declaración xurada de non estar incurso en incompatibilidade para ser persoal da Administración pública e non ter sido separado do servizo público e certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada indicada no apartado anterior deste decreto, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que tramiten a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 17/11/2012.



Boimorto dezaseis de novembro de dous mil doce

O Alcalde


Perante min:
A secretaria

Asdo.- D. Jose Ignacio Portos Vázquez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, en BOIMORTO, a 16 de novembro de 2012

Vº Pr.
O Alcalde



Asdo.- Jose Ignacio Portos Vázquez

